

## NOTA DO TRADUTOR :

*Arelantes* é unha obra que en principio non está situada nun país concreto. A historia e os seus protagonistas poden ser ubicados en calquera territorio urbano dos nosos días. Certo é que algúns detalles concretos poden achegarnos ao escenario orixinal pois en momentos determinados fálase da neve, de esguiros ou de patíns de xeo. E o río chámase San Lourenzo. Naturalmente, porque estamos en Montréal, no Québec, como nos indican os nomes das paradas de bus. E a lingua, o falar dos quebequeses está moi presente na peza. Ese particular francés atópase dun xeito desigual nos personaxes da obra : practicamente ausente na fala de Noruega e de seus pais, algo máis presente na de Boon, constitúe, pola contra a cerna e a característica de Murdoch, impregnando e rebordando a súa expresión desacougada.

O autor marca deliberadamente o adolescente Murdoch cun xeito de falar popular, escasamente considerado polas « clases cultas », e reforza ese carácter « vulgar » coa proliferación de xuramentos mal vistos pola tradición relixiosa no país. É algo que o tradutor ou tradutora ten a obriga de trasladar. Mais non podemos crer que esa expresión se limita ao terreo da escrita senón que é no eido fónico onde resulta manifesto. E se estamos no teatro o texto chéganos pola fala. Por iso a escrita ten necesariamente que conter « marcas dialectais ».

Trasladar o orixinal ao galego implica pequenas infraccións da normativa ou da boa consideración social no eido léxico e morfosintáctico e, maiormente, no da fonética. Por iso escollemos un galego con seseo e gheada. Un galego mariñeiro e popular das Rías Baixas. E plásmamolo –en paralelo co uso do « quebequés » orixinal – tanto no terreo das palabras (*irmán, mañán, caír, muito*) e construcións (*da que, andar a*) como no reflexo da pronunciación (*disir, preghunto*), a mais da desaparición dos grupos « cultos » (*correto, técnica, experimentado*) que lle é común co resto de Galiza. A maior ou menor presenza destes trazos nos personaxes é paralela ao uso do quebequés no orixinal. E no mesmo personaxe, non se fai a translación cando repite frases doutra procedencia (publicidade, televisión, instrucións da escola) ou son referidas por outros. En calquera caso, esta translación non pretende o rigor do documento lingüístico de factura científica senón a creación dunha atmosfera sonora.

Naturalmente, poderásenos retrucar o absurdo que significa adoptar esa caracterización tan sinalada e manter os nomes orixinais, chamándose Sylvain Murdoch, Jean-René ou Clément Boltansky. Claro que, ben pensado, non é moito máis absurdo que se os personaxes falasen en italiano, español, inglés ou galego «non marcados ».

E, por parte, estamos no teatro, un mundo que nos fai sentir como real e inmediato o fantástico e ficticio. Como nolo fai sentir a auténtica Literatura. Como nolo demostra xustamente nesta peza Wajdi Mouawad.

Mais, en definitiva, trazos dialectais, nomes orixinais ou alusións ao país que inspirou a peza son cuestións sobre as que decidirán –igual que sobre outras, como as datas- aquelas persoas a quen, chegado o momento, correspondería : os responsables da montaxe.

# ARELANTES

Wajdi Mouawad

*Coa colaboración de Benoît Vermeulen*

Tradución : Henrique Harguindey Banet

---

## 1. Murdoch

---

*Mércores, 6 de febreiro de 1991.*

*Día de San Gastón*

*7h 30*

*Murdoch acorda falando*

MURDOCH :

Non sei o que pasa, nin dende cando, nin polo que, nin por que motivo, pero ando a soñar todo o tempo cousas raras, imposibles de disir, de contar e mesmo de imaxinar. Invádeme a necesidade de espasio e de aire libre ! Sería quen de comer xeo, só para calmar a calor deste meu noxo máis fondo ! O mundo está torto de todo e nunca nos falan do mundo como é o mundo ! Cada vez que encontro un amigo de meu pai ou de miña nai, preghúntame : « Como vai esa escola ? ». Carallo, existe algo máis que a escola ! Hai alghén nalgún sitio que poida ter a amabilidade de me explicar as profundas razóns que empuxan os amigos de meus pais a estaren tan preocupados tocante á escola ? Teño a íntima convisión de que como non saben o que lle disir a alghén que é novo e pensan que sería ben botar unha parrafadiña con el, non topan nada mellor que se aferrar ao tema tan orixinal da ospia da escola. « Entón : como vai esa escola ? ». Seica eu lles preghunto como vai a súa neurose, carallo ? Quero disir que non é polo feito de saber que andan fodidos ! Non, non vou calar, teño dereito a falar, a expresarme, a contar cousas, a expolas e disilas. Estou no meu dereito ! Chámome Sylvain Murdoch e falar forma parte dos *meus* dereitos. O adxectivo posesivo *meus* non está aí por casualidade, sancristo ! Dáme noxo ! Como se o futuro fose a miña tumba ! Non, non vou calar, teño aínda cousas que disir e expresar ! Vós ben a mirades, a televisión, cando queredes, vosoutros ! Ninguén está aí para vos disir : « Deixa de mirar a tele ! ». Nunca lle disides vós á tele « Cala xa ! ». E logho porqué a min ? Non, non me vou vestir, vou quedar en calsons, ostra ! Quero disir, son as sete da mañán, cona, e a tele xa está a funcionar ! Quero disir, que carallo ! Eu, niso, creo que estades totalmente intosicados por unha especie de animadora cultural que vive no salón da vosa casiña da ospia do carallo ! Díghoo como o penso, « casiña da ospia do carallo ! » e a raíña desa casiña da ospia do carallo é unha animadora que vos di cando chorar e cando non, cando rir e cando xurar, todo iso para vos poder disir o que mercar. Para iso está aí, a animadora ! A animadora, ospia ! A que vos dá o ánimo ! A que vos goberna a ánima ! Iso é, estades encadeados de por vida á vosa animadora, e ela escravísavos, consumidorísavos, ikeatísavos, sanitatísavos, carrefurísavos á tropa toda, que ospia ! Mediamárkanvos cun chip, maríasantísima ! Macdonalísavos con cana de oso de boi 100% morto, cristosantísimo ! O que, iso de « cambia de vocabulario, non fales así diante de tua nai » ? Pois xustamente estou a falar a miña lingua materna ! Utilísoa mesmo para a corda de me aforcar ! Prefiro utilizar o meu vocabulario destroy a que ma espiche unha tele que vai acabar por me faser reghañar o buraco do cú a poder de entrar e saír ! Son heavy ! E mais meresédelo ! Hoxe erghínme co pé caníbal e vouvos papar enteiriños a todos ! Non, non hei calar, sodes meus pais e o meu deber como mínimo é de vos

avisar ! Non me vou abaixar alentando as vosas debilidades mundialistas ! Eu son alghén que ten opinións propias ! Vos vivides como se formarades parte dun clube de compras multipuntos. Da que hai rebaixas, saltades a sen por hora para vos encher o papo. A animadora vai deixando caer en vós as mensaxes, divos « Agora son as oportunidades », e despois, trinta segundos máis tarde, fálvos de « altas presións » ! Pode ser así ? Podes non dar chío cando todo o mundo che di « un está ben, pero dous está mellor » ? Que « dous está mellor » ? Dous que, mariasantísima ? Conachadas ! Eu xa, postos a falar desa maneira, deixádeme disirvos que se a cousa seghe igual aquí dentro, vou acabar por darlle a coñecer o fluxo e o refluxo da miña espirulina á ospia da tele, ospia divina ! Eles cheghan aí, aí, tesos coma un pau, e van e dinnos, sen mais, coma se fose normal, que « detrás do diñeiro, están as persoas » ! O que é, « detrás do diñeiro » ? Onde ven sendo « detrás do diñeiro » ? Seica é un alghún sitio, « detrás do diñeiro » ? Tómannos por parvos, ostia bendita ! Que carallo queren disirnos ? Que o diñeiro é « sensible » ? Veña, ho ! Non, non vou calar. Agora son as oportunidades ! Agora son as oportunidades, agora son as oportunidades, agora son as oportunidades, agora son as oportunidades. Non ven mal facerse ben. Agora son as oportunidades ! Sede prudentes e non o esquezades : coller o metro é signo de intelixencia ! Quero disir : non é vida, mariasantísima, que non, ostia divina, non hei calar, sancristo !

*Murdoch fala.*

## \_\_\_\_\_ 2. Noruega \_\_\_\_\_

*Parede. Porta. Pais. Home.*

NAI :

Noruega non sae do seu cuarto.

Pechada dende hai tres días con tres voltas de chave,  
non fala, non come

PAI :

Non sabemos o que facer e mais xa o intentamos todo.

NAI :

De primeiras petámoslle á porta : « Noruega, Noruega ! ». E nada.  
Ao principio pensamos en mal de amores,  
mal profundo e terrible do que un non quere falar.

PAI :

Do que sobre todo un non quere falarlles aos pais.  
É comprensible.

NAI :

De todos os xeitos, cumpría que saíse.

Entón enfadámonos, ameazámola, rosmámoslle, e logo choramos.  
E estabamos sempre a cada paso máis preocupados, e logo  
comezamos de volta a lle falar con moito agarimo, e nada...  
E Noruega non sae do seu cuarto,  
pechada dende hai tres días con tres voltas de chave.

PAI :  
Preguntámoslle :  
« Noruega, Noruega, non queres comer algo ? Beber algo ? »  
Endexamáis respondeu.

NAI :  
« É contra nós ? Vamos falar as cousas. »  
E nadiña ! Silencio, silencio !

PAI :  
Facíase insoportable !  
Ía caíndo a tardiña, e silencio, silencio !  
Daquela toleamos co medo e tentamos de afundir a porta.  
Cando a pechadura comezou a se mover, sentimos berrar a Noruega !

NAI :  
Meu Deus !

PAI :  
Era un berro tan estarrecedor...

NAI :  
... que viña de tan fondo do mundo,  
que nós tamén, puxémonos a berrar : « Noruega ! Noruega ! »

PAI :  
Berrabamos e seguíamos a afundir a porta,  
pero máis afundiamos e máis aumentaban os berros,  
e, ao se faceren máis e máis terribles,  
acabamos por entender que eramos nós os que causabamos  
eses berros !  
Noruega non quería que entrásemos no seu cuarto !

NAI :  
Daquela quedamos alá, diante da porta, sen saber o que facer.

PAI :  
Falámoslle durante o día todo.  
O seu silencio facíase enxordecedor !

NAI :  
Caía a noite !  
Non comera nin bebera nadiña.

Daquela deixámoslle unha botella de auga e mais comida.  
Dixémoslle : « Hai comida diante da porta,  
nós imos para a cociña. »

PAI :

Na cociña, agardamos.

Logo sentimos a porta abrirse un momentíño e volverse pechar.

Cando volvemos ao salón,

en lugar da auga e da comida,

atopamos esta folla de papel

na que estaba escrito o nome de vostede :

señor Clément Boltansky.

NAI :

Daquela, en plena noite, chamámolo.

Mais vostede non estaba, marchara en viaxe de traballo, informáronnos despois.

Dixémosllo a Noruega, mais onte e hoxe ela seguiu a escribir o seu nome.

Non quería máis ninguén ca vostede.

Estamos tan felices de velo por fin, señor Boltansky.

Agardámolo tanto tempo.

Noruega tennos falado tanto de vostede.

PAI :

Dicíanos que ensina as matemáticas

igual ca un cabaleiro ensina a arte da espada.

Tennos dito moitas veces que se todos os profesores

ensinasen a súa materia

como vostede ensina as matemáticas,

todo había ir mellor no mundo.

Quérelle tanto !

NAI :

Señor Boltansky,

Noruega necesítalo.

Está escrito aí, nas follas nas que cada vez anotou o seu nome.

*Téndelle os papeis ao señor Boltansky.*

### \_\_\_\_\_ 3. Boon \_\_\_\_\_

*Hoxe.*

*Boon prega os papeis que lle deu a nai.*

BOON :

De primeiras, aclaremos que eu non son o señor Boltansky : son o que representa o señor Boltansky. Chámome Paul-Émile Beaugard-Nouveau. Para facelo máis corto, contráese o Beaugard-Nouveau e dá Boon. Como Daniel. E tampouco non son un actor profesional, son antropólogo xudicial. Realmente, debería dicir « era » ! En novembro de 2005, hai un ano, decidín coller un ano sabático. O ano estáse acabando e aínda non sei o que vou facer : volver ao meu traballo ou abandonar todo para comezar todo de volta... non o sei... ás veces angústíame... En fin, ben, desculpen... estoume desviando... Entón, un arqueólogo xudicial : que raio ven sendo ?

Poñamos que decidistes ir merendar ao campo, á beira do río, en grupo, ou en parella, ou sen máis ninguén, ou como vos pete, en fin, ben, achegádesvos alá, á beiriña, e para enfriar a botella de viño, ou de cervexa, ou do que vos pete, atádela a unha cordiña para mergullala no fondo da auga. Poñédesvos a preparar o bocado, todo vai ben, e decidides de alí a un pouco subir a botella. E entón, en lugar de subirdes sinxelamente a botella, subides tamén, de paso, a cabeza dun cadáver que a vosa birra leva colgada, sen querer, á superficie. Unha cabeza de cadáver azuladiña, sen beizos, sen ollos, sen nada humano non sendo o medo que vos mete ; vós, vivo, tedes alí, de diante vosa, a morte a vos mirar de fronte. Alá vai a merenda ! Pero como sodes valentes, liscades berrando e acabades por chamar a alguén para que chame á policía. Chega a policía e dous días despois dan tirado á superficie o cadáver enteiro, mais estávos tan estragado pola auga, tan deteriorado polo tempo, que non se chega mesmo a saber xa cal é a parte de arriba e cal a de abaixo, cal e o de diante e cal o de tras ; non é senón un revoltallo de carne totalmente deforme, totalmente irrecoñecible.

É entón cando piden os servizos dun antropólogo xudicial. El vai posibilitar a identificación cando non se dá identificado a primeira vista. Porque, cando un corpo é irrecoñecible : como se fai para recoñecelo ? Como se fai para saber a causa do seu falecemento ? Como se fai para atopar o seu nome ? É sabido que pola dentición podemos establecer se se trata dun neno, un adolescente, un adulto ou un vello. Que podemos adiviñar o seu sexo pola talla da pelvis. E logo cando xa non hai dentes ? Cando non hai xa pelvis ? Como se fai ? Detrás do anaco dun cranio había alguén. Alguén que soñaba. Alguén que chorou e amou, alguén que tiña medo da morte ! Onde vai a persoa esa ? O antropólogo xudicial é o que procura a solución dese enigma.

Por que foi que escollín este oficio ? Boa pregunta. Cando tiña a vosa idade, eu era máis ben do tipo do que sempre está nas nubes, voando, soñando... Chamábanme « poeta », o que non era moi positivo... en todo caso para miña nai, ela si que tiña boa planta e daba unhas labazadas contundentes para me tirar do que chamaba desprezativamente o meu « universo poético »... Poñamos en todo caso... que me despertaba... canto ao de « poeta », digamos máis ben que eu era tímido, mesmo se en segredo, é certo, soñaba con chegar a ser un autor, soñaba con dar vida a uns personaxes, inventar un mundo para facer ver o que non existía... Finalmente fíxenme antropólogo xudicial, e en lugar de facer ver o que non existe, fago ver o que xa non existe. É un matiz insignificante, mais esta insignificancia pode mudar

todo o curso da vosa vida... A proba, que estou aquí, diante vosa... Foi Noruega a que me obrigou, en certo modo, a montar este espectáculo para vos contar a nosa historia, e a través dela, a de Sylvain Murdoch...

Daquela : por que eu, o soñador, escollín este oficio que esixe contacto coa realidade, pragmatismo absoluto e un pensamento organizado e obxectivo? Digamos, para simplificar, que no instituto eu ía ben, mesmo se non era totalmente culpa miña, senón de Jean-René, meu irmán maior, que cada dúas por tres liscaba da casa. Coa mesma, tocábame a min facer os seus deberes porque miña nai, sempre ela, non quería que suspendese o curso. Entón, a poder de facer os seus deberes e mais os meus, acabei por ir ben no instituto.

Claro que igual tampouco non é iso. Ás veces dígame que escollín este oficio para poder estar por fin tranquilo : un morto non molesta moito. Tiven que curar tantas feridas entre meu irmán e miña nai, entre meu pai e miña nai, e entre meu pai e mais meu irmán, que creo que escollín un oficio no que case todo son mortos. É menos fatigoso ! De feito, pensándoo ben, non escollín nada, teño maiormente a impresión de que deixei aos outros escoller no meu lugar. Era máis doado. E, de por parte, resultou : estiven tranquilo ata o ano pasado, cando este oficio, de súpeto, tomou na miña vida un sentido moi particular.

Hai un pouquiño máis dun ano, recibo unha chamada para ir á beira do San Lourenzo. Un mergullador acababa de atopar, no fondo da auga, dous corpos unidos dende tanto tempo antes que os seus cadáveres mesturáranse xa un co outro.

Velaí unha foto. Atopámoslos así.

Levaron eses estraños namorados ao depósito, onde se fixeron as primeiras análises : con toda verosimilitude, dada a morfoloxía xeral dos corpos, tratábase dun home e dunha muller afogados no río, hai diso cando menos quince anos, ou máis. Comecei por separar os dous corpos un do outro. Puiden establecer a súa idade no momento de morrer : dezasete anos. De raza branca. Mortos hai quince anos, no inverno, sen dúbida, porque os pulmóns amosaban partículas de xeo. Ningún signo de violencia externa : nin balas, nin navalladas, nin sobredose, nin xiringas na pel, nada. O rostro totalmente irrecoñecible. Primeiro concentrámonos na identidade do rapaz, pois que o seu rostro semellaba máis recoñecible que o da rapaza. Os servizos de policía mandaron tirar unha ficha de todos os adolescentes desaparecidos hai quince anos, á idade de dezasete. Para a miña infelicidade, tiveron sorte : só apareceu un nome, Sylvain Murdoch. Desaparecido o mércores 6 de febreiro de 1991, día de San Gastón.



## 4 . Metafísica dos autobuses urbanos

*Mércores, 6 de febreiro de 1991.*

*Día de San Gastón.*

*8h 07.*

*Parada de autobús.*

MURDOCH :

Non hai unha parada de autobús interesante, aquí, está chantadiña mesmo diante dos edifisios ! Non se pode disir que sexa un sitio con « belesa », oíches ! Quero disir que sempre podes torser o pescoso para a dereita ou para a esquerda, pero non darás mirado muito anaco de seo. A min paréceme sádico. Sádico de serto. Que fai o autobús ? A xente estase apiñocando na parada, estamos aí como parvos. Eu, iso, seino porque todas as mañáns teño que me ergher para coller o autobús, subir nel, ir ao instituto, volver do instituto, dormir, despertar para volver aquí e seghir esperando. Como se non pasara nada, oíches, quero disir ! Como se estiveramos a dar voltas de arredor, oíches. Como se volveramos sempre á mesma rotonda cando xa imos con retraso e non podemos perder o tempo en pintar a mona. Seghimos a buscar e despois, « crac ! ». Volvemos toparnos aquí a esperar unha ospia de bus ! Se pudéramos faser de xeito que cando fasemos unha cousa unha vez, unha só, non tivesemos nesiedade de repetila ! Vostede, señora, imaxina que felisidade ? Polo feito de ter esperado o autobús unha vez só, oíches, pasa algo que fai que xa non o espere. Poríase a funsionar de inmediato un mecanismo natural polo que, cando cheghades á parada, o autobús chegha de inmediato, xa está, oíches. Sería un adianto evidente. Dóevos a cabeza unha vez, despois, xa está ben, acabado, arranxado. É serto que nos asuntos divertidos, pode ser unha putada. De serto que se por ter botado un ferrancholo non vas poder botar outro por telo feito xa, é unha putada ! Pero penso que se podería amañar, oíches. Para repetir unha cousa divertida tes que repetir unha cousa aburrída ! Do estilo: queres botar outro ferrancholo, pois vas ter que esperar o autobús. De parte a parte. Igual o autobús te leva xunto á túa raparigha, oíches ! Hai todo tipo de solusións ! Pero aghora é como se non houberse ningunha ! Cantas veces no día repetides a mesma cousa ? Comedes, tedes fame, volvedes comer, retedes fame, recomedes, reretedes fame, rerecomedes, rereretedes fame, rerererecomedes, e así cada cousa ! Sempre vai haber un « re » a maiores que vos ha deixar sempre « game over ». Non sei. Síntome como paralisado dende o meu interior, como se dentro de min houberse un rapás a xogar nun flipper e a superbola rebotase para todos os lados ! Como se dende esta mañán tivese a impresión de que non son totalmente eu. Que hai outro rapás, un rapás distinto que asemella muito a min, que se chama Murdoch e que, pola máis grande das casualidades, desidiu vivir dentro da miña pel. E soa de carallo ! E máis non tomei sustansias químicas, polo menos nas últimas dose horas, e tampouco non creo que a masturbación teña nada que ver. Arré, canto máis tarda o autobús, menos sei eu por que me erghín esta mañán. Vostede, señora, sábeo, por que espertou esta mañán ? Non ? Pois eu penso que o condutor do autobús, el, esta mañán, díxose na súa cabesiña : « E logho por que esperto eu esta mañán, ho ? ». E entón, como non tiña moi clara a resposta, desidiu seghir deitado. Decátase vostede, señora, que se

todos os condutores de autobuses do mundo se preguntasen ao mesmo tempo : « Por que me ergo eu esta mañán ? » armárase unha foliada de mariasantísima nesta sidade ? Que lles quere disir ? « Non, ho, érguete, vennos falar da túa banca, ven ho, que o mereces, anda, faino por ti e sentirás a satisfacción do confort » ? Que lles quere disir ? « Non, ho, segue toda a túa vida a facer o traxecto do 121 : Cavendish, Place-Vertu, Hocquart, Duguay, Saint-Laurent, Alex-Nihon, Marlat, Cardinal, Sainte-Croix, Ahuntsic, Saint-Michel, Sauvé, dez veces no día ida e volta ! ». Eu creo que foi iso o que pasou ! O condutor do 121 acaba de tomar consciencia da súa vida e desidiu mandar todo ao carallo ! Ben, velaí o está Boh, case estou desesionado, oíches !

## 5. A beleza : deberes de clase

BOON :

Aquel día, mais exactamente a tardiña do mércores 6 de febreiro de 1991, San Gastón, Sylvain Murdoch desaparecera de súpeto.

Murdoch, aquel día, o de San Gastón, erguérase e puxérase a falar sen parada dende a mañán ao momento da súa desaparición ! Imposible facelo calar ! E eu acababa de atopalo, ese rapaz, quince anos despois. Estaba alá, deitado na padiola metálica do depósito, sen rostro, nos brazos dunha rapaza descoñecida. Eu estaba conmocionado ! E mais non podo dicir que Sylvain Murdoch era amigo meu. Era meu veciño, non viviamos lonxe un do outro. Estaba na mesma clase que Jean-René, meu irmán maior. As únicas veces nas que eu falaba con Murdoch era cando meu irmán liscaba. Chamaba a Murdoch á súa casa e dicíalle : « Meu irmán, liscou outra vez ». Entón el dicíame os deberes que había que facer e colgábase o teléfono. Acabábase aí. Pero eu estaba conmocionado. Tiña un cadáver diante miña ao que o meu oficio de antropólogo xudicial me permitira pegarlle un nome, e ese nome, o de Murdoch, fixera surxir de novo outro cadáver : o meu, o do adolescente que eu era. Estraños encontros que non so me levaron cara a min, senón ao momento preciso da miña adolescencia no que de certo crin que me ía converter nun autor, todo iso por causa dun deber que tiven que facer eu en vez de meu irmán maior, Jean-René. Era unha semana antes da desaparición de Murdoch, o mércores 28 de xaneiro de 1991, día de Santa Martina. Chamei a Murdoch á súa casa. *(No teléfono)* Murdoch, son Boon. Meu irmán liscou. Hai deberes que facer ?

MURDOCH :

Non é un deber, mariasantísima, é un monte de merda da ospia. escoita, logho : « Utilizando un aparato gravador audiovisual... », iso é porque pensan que nos fan a cousa máis interesante, oíches. Pensan que porque hai tenoloxía serán máis os que faghan os deberes, oíches ! Pensan que é de xente nova, a tenoloxía, e chímpana en todas partes. En calquera caso : « Cun medio audiovisual, fai unha enquisa entre a xente do teu barrio... » porque pensan que a xente do noso barrio é toda da boa sociedade que está xusto aghardando que uns adolescentes vaian faserlle unhas preguntas dunha enquisa... ospia ! « ... fai unha enquisa entre a

xente do teu barrio a fin de coñecer a súa percepción da beleza e tira dela as conclusións baixo forma teatral » !

BOON :

Ospití ! A súa percepción da beleza ?

MURDOCH :

Si. Baixo forma teatral

BOON :

A beleza ! E como queres coñecer o que non coñeces ?

MURDOCH :

En todo caso, teu irmán confía en ti. Díxome : « Eu non enredo en conachadas, carallo. Vou liscar unha semana, se me peta. Vou deixar que Boon se apañe co choio, a máis escribe ben, vaino facer e o resultado hache ser bo ! ».

BOON :

Dixo iso ?

MURDOCH :

Dixo que ti eras o mellor de todos os autores que tiña lido.

BOON :

Non che leu moito !

MURDOCH :

Non importa, se o dixo é que o pensa !

BOON :

Colguei o teléfono ! Se o dixo é que o pensa ! Era increíble ! Meu irmán maior confiaba en min. Considerábame bo. Era increíble ! Eu sempre admirara ao meu irmán maior ! E toda a miña coita, viña de que eu estaba convencido de que o decepcionaba, e velaí que o día de Santa Martina, acababa eu de saber que a meu irmán gustáballe o que eu escribía. Ese día, colguei o teléfono buscando como había eu facer para estar á altura desa confianza que meu irmán depositara en min e da súa admiración secreta que –conféssoo- dérame azos aquela mañán ! Ía escribir unha obra de teatro que ía deixar a todos pampos, ía poñer nela todo o meu talento ! Meu irmán había estar orgulloso de min. Tiña que comezar por preguntarlle á xente do barrio. Atopei as cassettes. Saíu isto !

*(Fotos e gravacións que non dan nada convincente)*

Ben, como non atopei ninguén que me dixese o que lle parecía fermoso, deille a volta á pregunta e pedinlles que me dixesen o que lles parecía feo. Díxenme que sería máis sinxelo. É certo, era máis sinxelo.

*(Fotos e gravacións que dan algo aínda menos convincente)*

Pois foivos así... Non tiña máis remedio que inventar todo. Partir de min... Da miña cabeza, do meu corazón, da miña alma, ou do que sexa que estaba dentro de min, do meu famoso « universo poético ».

## 6. O señor Clément Boltansky

*Paredes. Porta. Pais. Boltansky.*

NAI :

Noruega, está aquí o señor Boltansky.

PAI :

Accedeu a vir.

SEÑOR BOLTANSKY :

Bó día, Noruega, son o señor Boltansky.

*(Silencio)*

Noruega,

imos facer como coa comida.

Seus pais vanse arredar.

Quedarei eu só.

E se o desexa

vai dicir o que desexa que faga eu.

*(Os pais retíranse)*

Noruega, xa estou só.

Dígame agora.

*Tíranlle os ferrollos á porta. Dubidoso, o señor Boltansky abre, entra e pecha a porta atrás del.*

## 7. Do fundamento ético da lectura nos transportes públicos

*Mércores, 6 de febreiro de 1991.*

*Día de San Gastón.*

*8, 12 h.*

*No autobús.*

MURDOCH :

Non hai diferenza ! Quero dicir que non hai moita diferenza entre o que pasa na miña cabeza e o que pasa na cabeza de cada persoa que vai no autobús. Quero dicir que si : ti baixas en Sauvé, o outro baixa en Acadie, si e que ? Que máis ten ? Pódese chamar unha diferenza, a iso ? Señora, que está a ler ? Si ? Porque o le ?

Porque o traxeto se fai longo de máis ou porque hai algo na novela que de serto, pero de serto, quero disir de serto serto serto, é importante? É cousa de falalo, cona! Estoulle facendo unha preghunta importante! Ei, ti, o ghabacho, non é por ires todo traxeado que andas menos perdido ca min! Estoulle preghuntando á señora se le para non se aburrir no traxeto que lle parece longo de máis ou se a novela esa estálle cambiando a vida! Díghoo porque eu, aghora, voume para a clase, e voume topar cunha chea de profes que me van disir todos o mal que falo, e que debería ler para ter educación. De acordo, correto! Educación, non hai problema! Aprender, non hai problema! Correto! Pero tamén quixera saber un pouquiño para que me vai servir! Vaime servir mesmamente para non me aburrir? Ei, non tratades de que morra o conto, disíndome que cale! Non hei calar, podédesme botar enriba todos os condutores de autobús do mundo, que non hei calar, voulla repetir, señora, a preghunta, e tería moito ghusto en que respondese: vai lendo esa novela para non se aburrir nun traxeto longo de máis ou porque nela hai algo, quero disir nas palabras, entre as liñas, tan fermoso que non imaxina poderse despegar dela? Ghustaríalle que a deixe tranquila? De acordo, pero antes voulle disir o que penso, voulle dicir como o penso: a señora esta, ighual ten un cristo tan ggrande na súa vida pequeniña que non é quen de pasar un momentíño sen tratar de non se aburrir dela mesma! Velaí a verdade. E díghoa como penso, porque aquí, no autobús non hai de serto, de serto, diferenzia, quero disir muita diferenzia, entre nós todos! Que é iso de dar voltas de arredor para acabar a tardiña plantado diante da televisión cunha ospia de animadora a che disir o que debes mercar porque é fermoso e bo? Ei, señor, realmente fáltalle imaxinación, pedirme que cale! Non ten outra cousa que disir, para que eu cale? Chantarme o puño nos fosiños! Todo un estilo de vida, si ho! Vese que pasou pola escola, vostede, si, ho! Pódese disir que é un arghumento contundente, arrebiño! Tería alguén alghunha outra idea para conseghir o seu fin, para conseghir a tranquilidade e o silencio que non vai cheghar, xúrolles que non vai cheghar pois que, de todos os xeitos, dino na tele: « Un está ben, dous está mellor ». Entón, como ninguén nos di o que está mellor con dous, eu, daquela, sigho, ostia divina! Non señora, que o suplique non vai cambiar nadiña! Teño dereito. Estou a falar, non a bater en ninguén! Non lle estou a roubar a ninguén! Non estou mentindo, porque digho sen parar todo o que penso mentras roda este carallo de autobús que vou ter que coller outra vez mañán. Non, non vou calar. Porque podo atopar todo nesta sidade, mesmo un amigho. Abonda con que vaia ao súper e pido: dous sumos e mais un amigho! Nunha bolsa, por favor. Vou pagar con visa, tócate a pisa! Ei, ei, amodiño, eh! Teño dereito! E podédesvos considerar sortudos toda a tropa porque estou cheghando á miña parada, vou baixar, pero mañán a cousa volve comesar, porque non hai razón de que pare! Mañán, no autobús das 8, 07 da liña 121, na parada Place Côte-Vertu, vou subir e se está unha ospia a ler unha novela para non se aburrir, daquela vaime escoitar! Aghora baixo, pero é para subir de volta! Non calo, simplemente vou levar a miña desventura para outra parte. Bó día a todo o mundo. E que non vos esquesa: coller o metro é signo de intelixencia, fato de papáns!

## 8. Construción do personaxe

BOON :

Pasei a semana a escribir. Todo o universo cadraba, e, estrañamente, tiven decontadiño a sensación do que quería facer. Apareceume un personaxe, unha situación, todo semellaba doado, eu estaba exultante ! Escollera falar da beleza dun xeito moi instintivo. Un pouco coma nun sono : unha rapaza péchase no seu carto e négase a saír. Tiña a sensación de que estaba a describir exactamente o mundo como eu o sentía. Miraba a xente do meu barrio e atopaba todo o mundo tristeiro e medoñento. Miraba a miña rúa, a tenda, os edificios, e as cousas aparecéronme diferentes, vinas con ollos novos e tiven a impresión de que había tanta fealdade de arredor nosa que vos dá ganas de desaparecer. Foi esa visión a que fixo nacer o meu personaxe. Unha rapaza ! Á que lle chamei Noruega ! Escribín todo tipo de cousas sobre ela, mais non chegaba a rematar, non chegaba a atopar de certo a súa dor, a súa fractura ! É coma se Noruega, o meu personaxe, quedase agachada no fondo de min, igual que estaba agachada detrás da porta, e precisase axuda para saír.

## 9. O que non se conta

*Paredo. Porta. País. Boltansky sae do cuarto de Noruega.*

PAI :

Falou con ela ?

NAI :

Díxolle ela o que tiña ?

SEÑOR BOLTANSKY :

Falar non era preciso.

Abondoume con mirar

NAI :

E que é que viu ?

SEÑOR BOLTANSKY :

Non é para contar !

Imposible dicilo !

Mais o que lles podo asegurar,

é que se eu estivese no lugar de Noruega,

se cada un de nós estivésemos no lugar de Noruega,

teríamos actuado da mesma forma.

PAI :

Que é o que pasou ?

SEÑOR BOLTANSKY :

Entrei e pechei a porta atrás miña.

Non se vía a Noruega.

O seu cuarto estaba mergullado na escuridade.

Un terror profundo foise apoderando de min.

Quixen chamar :

« Noruega, Noruega ! »

Mais non saíu nada.

Ningún son.

Coma se os meus pulmóns,

as miñas cordas vocálicas,

a miña gorxa e a miña saliva,

tamén eles,

estivesen aterrorizados polo que había alí e era aínda invisible.

Logo,

imperceptiblemente,

desprendéndose dos cortinóns

tras dos que se acorara,

vin a Noruega aparecérseme.

Vin a súa ollada !

Creo que permanecemos así, un fronte do outro,

unha eternidade.

Creo que ela ben viu que eu non era quen de dar articulado unha fala,

e creo que foi algo que tivo como consecuencia proporcionarlle confianza.

Creo que o meu estado lle probou que eu estaba con ela,

que eu comprendía xa antes de comprender.

Entón achegouse a min.

Cada paso era coma un tesouro descuberto e arrancado no fondo do mar.

Logo,

cando se encontrou a dous pés de min,

amosoume.

E eu mirei.

Teño que dicir que na miña vida vin unha cousa tan fráxil.

Entón pechei os ollos e volvinos abrir, fíxenlle aceno de que entendía.

Logo dei volta.

Saín amodiño,

e volvín pechar a porta atrás miña.

PAI :

Que é o que viu ?

SEÑOR BOLTANSKY :

Non é para contar.

Ou cando menos eu non me sinto con dereito a llelo dicir.

É Noruega quen llelo ten que revelar.  
E para iso,  
cómpre aceptar deixarlle tempo.  
É iso o que precisa maiormente,  
tempo.

## \_\_\_\_\_ 10. Metáfora \_\_\_\_\_

BOON :

Atopara sen atopar ! A saída de Noruega ía ser o meu deber sobre a beleza. O meu deber ía ser ese momento preciso no que ela había saír do seu cuarto e había desvelarlle ao mundo enteiro a súa implacable verdade. Habíanse daquela ver, vendo a traxedia de Noruega, os estragos dun mundo sen beleza. Habíanse ver as consecuencias ! Sería unha metáfora da xente do meu barrio ! O meu problema era á vez sinxelo e complicado : eu non sabía cal era, xustamente, esa implacable verdade, non atopara a miña metáfora en concreto. Non sabía o que lle sucedera a Noruega, e en tanto que non dese atopado o que lle impedía saír do seu cuarto, non podía escribir a súa saída. E mais a cousa apuraba, chegamos ao día da entrega. E non conseguía escribir. Estaba bloqueado, non atopaba o que lle sucedera ao meu pesonaxe, e canto máis buscaba menos atopaba, e canto menos atopaba máis pánico tiña. Todas as miñas ideas de metáforas semellábanme vulgares, tediosas e insuficientemente interesantes, non eran reais de abondo... Diríase que a idea se agachaba no fondo de min e que eu non a daba tirado do seu tobo... ata que atopo a Murdoch.

## \_\_\_\_\_ 11. Das diferentes maneiras de atentar contra a propia vida \_\_\_\_\_ (avantaxes e inconvenientes)

*Mércores, 6 de febreiro de 1991.*

*Día de San Gastón.*

*8h 22.*

*Nos armarios dos alumnos.*

MURDOCH :

Seguro que o suicidio non é unha solución pero entón cal é a solución ? Ben, digho suicidio por disir, non teño un programa á vista, non teño un horario esato tocante a unha ponte ou unha liña de metro, pero, ben, de todos os xeitos non é unha solución. Seica unha corda é bastante espantoso se fracasas, e xa non falo das



rodas dun vaghón... Ben, falo por falar, claro, pero ti, oíches, ti, Boon : cal sería para ti, a maneira ? Afogamento, corte das veas ou empanada de medisinas ? Ah, ben, atopas que estou heavy esta mañán, pero eu estou sempre heavy non sendo que aghora, decidín quitar o pé do freo e despois disir todo. Oíches, non sei se é a poder de buscar o que disir sobre a belesa para a ospia do deber, pero esta noite, soñando, cheguei á conclusión de que xa viña sendo tempo para min de baleirar o meu interior. Un pouco como os xaponeses, oíches : chántaste un sabre na barrigha, dous golpes de dereita á esquerda, de embaixo a enriba, e todo o que tes nas tripas sáeches nun monte só e caiche diante dos ollos. Entón, pousadamente, debes saborear o sentimento de baleiro e de calma que se apodera de ti. Seghuro que podes emitir un son mentres te executas. Algo xaponés, do estilo : « Uuuuú yamasaky ». Claro que, como non coñeso a técnica, decidín proseder á inversa : baleirarme por vía oral. Iso déixame unha oportunidade para atopar entrementes outra solución, unha solución para lle dar algo de sentido a todo isto. Sentido, oíches, sentido, ostia divina ! Tí, o de aí : non te preghuntas se todo isto ten sentido ou non ? Cando ti miras caír a neve, seghuro, non é cousa de sentido. Pero a vida, sancristo, a vida non é como a neve, ou entón eu prefiro quentar a miña ao sol para que todo se derreta e non quede muito dela ! É o que eu penso, e díghoche coma o penso. Se hox non hai un sino, un asunto, calquera cousa, unha volvoreta, unha mosca, unha ospia dun esghiro poderían valer, que veña disirme que se cadra hai unha solución, cona, vou faser de min un xaponés, ides mirar ! Ai, si ! Ti crélo ! Ti cres que aghora, porque vou á clase de xeografía, aghora vou calar ! Cres que vai ser de abondo. Crés que eu, agora, vou topar unha razón de existir porque un profe de xeografía vai disirme xusto que peche o bico ! Ti, aí, pensas que vas seghir sendo un rapás toda a vida e que toda a vida vala pasar a faser os deberes de teu irmán maior que non vai parar de liscar ? Pois non ! Pois non ! Xa existe nalgún sitio unha puta casiña ben fea cunha ospia de herbiña ben feita e un gharaxe para o teu futuro cochazo que están a esperar por ti e mais polo preghiseiro de teu irmán maior ! Boon : fixéchela, a carallada da túa enquisa sobre a belesa, entre a xente do noso barrio ? Oíches, é bastante feo como tendensia, non che parece ? Pois éche o que te espera, o que nos espera a todos, Boon : unha tele moi ghrande e mais unha Animadora que vai berrarnos todos os días que meresemos a felisidade ! E non haberá máis nada que disir, mais nada que faser senón calar. Pois eu, sancristo, non vou calar, arrebicho !

## \_\_\_\_\_ 12. Esgarro \_\_\_\_\_

BOON :

Vin como se ía. En cinco minutos inxectárame tal dose de revolta e de carraxe que me vin invadido por unha sede de amor, de sentido, de razón de ser, de dozura... Unha sede tan grande ! Unha sede que me facía entender que ese mundo magnífico, vencellado á infancia que eu levaba dentro de min, estaba morrendo a poder de dureza. As cousas semellábanme tan claras, de súpeto ! A xente do meu barrio, entre a que eu debía facer a enquisa, era toda igual a min : todos nós amamos a

vida e a beleza está ao alcance de todos. Pero cando non se alimenta esta beleza, transfórmase en algo horrible e esta cousa horrible ríllanos dende dentro. Comprendín que canto mais tentabamos vivir sen beleza, mais a beleza íase afeando en nós ! Bateume en plena faciana e, pensando en Noruega, caíume enriba toda unha metáfora ! Senteime, apoiado contra o meu armario e botei a mañán enteira a escribir, sen ir á clase. Por fin Noruega estaba aí: sentada á miña beira no profundo silencio dun instituto polivalente sumido no traballo. O texto saíu dunha tirada. Aínda hoxe, eu sei que sen ese instante no que Murdoch me contaminou a súa insaciable sede de infinito, endexamais daría escrito como escribín, endexamais Noruega se tería achegado a min. Endexamais daría coñecido esa exaltación fulgurante que alumeou a miña adolescencia.

A presentación do meu deber sobre a beleza tivo lugar á última hora. Meu irmán volvera da escapada. Quería facer crer que era el o autor do que eu escribira, e realmente esa vontade de se apropiar do meu talento, no fondo gustábame de certo. Demostraba o valor que lle concedía á miña capacidade como autor. Xa eu tiña mil ideas de textos para escribir, as novelas fervíanme na cabeza, víame xa gañador do premio Nobel de literatura ! E, para que non houboese confusión ningunha sobre a identidade do autor, non asistín á presentación. Agardei na casa cuns nervios espantosos. Cando chegou meu irmán, boteime correndo cara a el para escoitar a súa alegría, ver a súa fachenda, nunha palabra, para que me contase ! Pero a xeito de cumprido comezou por esgarrarme. Na cara. Aquí. Meu irmán esgarroume. Non sei. Quedei parado. Entón el chamoume de todo : pasmón, papán, conainas, maricallo, papaxoubas, papaleisón, e outras expresións do mesmo estilo, que ían de babeco do nabo a toutizo merdento apamparulado ! Os outros alumnos riron cando apareceu Noruega, atopárono unha trangallada, unha zarapallada, unha mariconada, unha carallada e unha papahostiada. E como pensaban que era meu irmán quen o escribira, esmendrelláronse del. Meu irmán quería pasar por un tipo duro, e de certo que non o era : era pequeno, delgadeiro e algo tiñoso, pero eu atopaba queera valente, e a máis era meu irmán maior... Sempre un se apega ao seu irmán maior cando a vida fai de vós o irmán pequeno.

*Sae.*

### 13. Reforma da educación estilo destroy

*Mércores, 6 de febreiro de 1991*

*Día de San Gastón.*

*8h. 50*

*Clase de Xeografía.*

**MURDOCH :**

Xa sei que hai unha programación e que ten a obrigha de seghila, e que vostede está aquí para ensinarnos e para educarnos. Seino, todo iso, seino moi ben, pero

pódolle aseghurar, profesor, que de todo o que nos di non vai quedar muito. Vostede non controla absolutamente nada. Estou aquí, disíndolle que non controla nada do que nos transmite e parece que lle importa un nabo! Ben, e digho a palabra « nabo » e daquela vostede ponse nervioso. Entón? Seica é nesecario disir palabras fortes para que o escoiten a un nesta ospia de país de caghados de merda? Seica é presiso disir as palabras « pachocha » ou « pelotas » ou « pirola » ou « reghaña do cú » para que se interesen por ti? Ou como é? Estou aquí, de pé, despertando os meus compañeiros ante o absurdo da nosa existencia, e vostede, aí, todo o que lle interesa, ao noso profesor, é se din a palabra « nabo » ou « picha ». Pois xustamente, déixeme aseghurarlle que nos está ensinando a indiferencia coa indiferencia ante as palabras! Trate de mirarme un minuto non coma un adolescente carallán que non quere aprender nada, senón coma alghén que tén tantas dúbidas coma vostede! Escóiteme, señor profesor! Cando me erghín, pola mañan, entendín que as cousas, todas aquelas cousas que tiñan para min sentido, morreran. Non sei se é algho que vostede pode entender, non sei se é algho que vostede xa ten experimentado, pero é moi friki ver, da noite para a mañan, a mecánica dun mundo que durante moito tempo era máxico! Xa non sei o que pasa. Xa non o sei! Serve para algho « saber »? Perfeto, si, moi ben. Fabuloso saber que a capital de Islandia é Reykjavik, Lomé a de Togo e Uagadugu a de Burkina Faso, e que cando chove en Montréal fai bo tempo en Borneo. Seghuro que é útil! Pero de que serve se non dou calmado a miña carraxe? Que podo eu coñecer? Que podo eu faser para sentir que estou vivo e non son unha máquina? Como é que esta mañan, ao mirar a miña mochila, tiven a impresión de que a miña mochila tiña máis esperanza ca min? Como é que canto máis vou medrando, menos teño a impresión de estar vivo? Que quere disir iso de estar vivo, profesor?

## 14. Enterro

BOON :

Como se fai para borrar un esgarro? Comecei por lavar a cara con auga, mais ese esgarro seguía alí, non marchaba. Ía estar alí para sempre. Entre meu irmán e eu ía haber de agora en diante o esgarro ese na miña cara. Como non había xa nada que facer, decidín que a mellor maneira de borrar todo era morrer. Entón, esa tarde, a mesma tarde na que Murdoch finalmente morreu, fun eu o que lisquei. Lisquei para poder por fin morrer dunha vez por todas. Fun camiñando alá contra o monte, por onde vivía o meu compa Mark Green, co que eu xogara nos campionatos rexionais, cando estivemos a piques de gañar ao bádminton dous anos antes. A igrexa estaba aberta. Entrei. Era ese famoso mércores 6 de febreiro de 1991, día de San Gastón. Ás sete e media da tarde. Na igrexa, no fondo, había un home axeonllado diante de dous paus chantados un enriba do outro formando unha especie de gran símbolo +, e sobre dese + había un tipo espetado con tres cravos, todo desnudo, non sendo uns farrapos na entreperna. *(Na igrexa)*

Desculpe : podo falar co responsable de aquí'

Ah, perfecto, non sabía.

Ah, perfecto, é vostede o cura.

Perfecto, perfecto.

Foi Mark, realmente, quen me contou que a fin de semana...  
 Mark Green.  
 Viu aquí por cousa de seu abó...  
 Si, si.  
 Iso é, o señor Green, si.  
 Pois si, morreu.  
 Non, non, eu non o coñecía, eu coñezo a Mark, do instituto, somos compas de bádminon.  
 Si, é un rapaz boísimo, Mark! Adoraba ao seu abó. Toda a semana estivo cunha mágoa enorme, e xusto ao contar todo, a morte e mais todo iso, Mark contou a cerimonia que lle fixeron ao seu abó... ben, pois logo... falando de cerimonias, sería posible... quero dicir... non sei como se di... organizar unha ?  
 Si, iso é !  
 Si, para un morto como para o abó de Mark. Onde podo encargar unha para alguén ? Para dicir que morreu, ho. Celebralo.  
 Si. É un compa.  
 Morreu.  
 Hem... hoxe. Morreu hoxe. Pois, ben, eu... quería celebralo do meu xeito... facerlle unha cerimonia...  
 Agora mesmiño ?  
 Perfecto. De acordo por vostede ?  
 Eh... moi amable...  
 O nome del ?  
 Paul-Émile Beauregard-Nouveau, pero para acortar todos lle chamaban Boon.  
 Si, Boon.  
 Pois si, como Daniel, pero, claro, non é o seu nome é o seu alcuño.  
 Eu prefería que dixesen Boon, porque el quería que lle chamasen así.  
 Accidente ! Accidente de coche.  
 Si, morreu hoxe.  
 Gustaríame poñer unha vela.  
 Realmente, tiña dezasete anos, e non sei se lle molesta, a vostede, pero gustaríame poñer dezasete velas...  
 Non, non levo cartos neste momento... pero...  
 Podo encargarme de lle levar fóra o lixo... ou de lle facer algo de limpeza...  
 Perfecto. Graciñas  
 Entón repito todo o que vostede di...  
 Todo ?...  
 Perfecto, perfecto. Imos, logo.  
 No nome do Pai, do Fillo e do que ?  
 Perfecto. No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.  
 Boon morreu.  
 Permanecerá vivo en Deus  
 E na memoria dos seus amigos.  
 Xesús Cristo,  
 acolle favorablemente a Boon.  
 Acolle a súa alma  
 e fai que atope o repouso  
 Eu ? O nome meu... hem... Cristóbal ! Si, Cristóbal !  
 Perfecto. Xesús Cristo, ah, carallo, disculpe... Cristo.

Axuda a Cristóbal a pasar esta proba.  
Xesús Cristo, fai que Cristóbal atope a alegría na mágoa e a dór.  
Amén.  
Boon morreu !

Saín da igrexa estrañamente alixeirado. Aquela tarde, mateime e enterreime discretamente, ao meu xeito, aínda que seguía vivo porque non quería desaparecer. Amaba de máis a vida. Non quería morrer por completo, simplemente enterrar unha parte de min. Pequerrechiña, que se chamaba a escritura. Decidín que non había volver escribir endexamáis... Por ben que Murdoch berrase que cumpría tomar a palabra, atreverse... era demasiado difícil... eu quería vivir coa xente, daquela decidín facer o que ela quería que fixese, decidín que me ía converter en alguén distinto. Un rapaz modelo. Fíxenme antropólogo xudicial. Esquecida, a beleza en si, esquecidas Noruega e mais a metáfora, esquecida a xente do barrio que ve como a beleza se vai transformando nela en fealdade, perdido, esquecido todo iso.

## 15. Afirmación obsesiva de carácter neurótico

*Mércores 6 de febreiro de 1991.*  
*Día de San Gastón.*  
*10h 30.*  
*Despacho do director.*

MURDOCH :

Non sei. Non sei, non sei. Non sei. Non sei. Non sei, non sei. Non sei, non sei. Non sei, non sei. Non sei. Non sei. Non sei. Non sei, non sei. Non sei ! Non sei nada. Non sei. Está no seu dereito, vostede, seghuro, quero disir que vostede é o diretor da escola, o xefe, o amo, o patrón, o propietario, como lle chamen, non o sei. Non o sei. Non sei nada, quero disir que non hai nada que poida axudarme a sabelo ! Non sei nada ! Non sei nadiña, nin chisca, nin chisca, nin chisca, nin chisca. Non sei esatamente nada ! Non sei. Non sei, non sei. Non sei. Non sei. Non sei, non sei. Non sei ! Non, non vou parar, claro, entendo que pode resultar insoportable para o diretor dunha escola, o xefe, o amo, o patrón, o propietario, como lle chamen, para el que está á cabeza dunha fábrica de coñesementos e de saber, escoitar a un dos seus operarios cuspirlle na cara e *ad vitam aeternam* que non sabe, pero, carallo, a verdade, se a quere, voulla disir en plena cara : son o responsable sindical de todos os operarios que traballan á forsa nesta fábrica do saber, e como vostede é o diretor da escola, o xefe, o amo, o patrón, o propietario, como lle chamen, o que manda nos cartos, na fábrica, voulla cuspir en plena cara, esa verdade insoportable : non sei ! Quero disir que non sei nada. Non sei. Non sei nada ! Non sei nadiña, nin chisca, nin chisca, nin chisca, nin chisca ! Non sei asolutamente nada, cachéome, apálpome, inspesiónome, análisome e é o baleiro asoluto : todo o coñesemento do mundo enteiro reunido no meu serebro non me daría axudado nin daría impedido que lle



Noruega, o meu personaxe, relín atentamente todo para tentar entender o que puidera abalar a Murdoch ata ese punto.

## \_\_\_\_\_ 17. A monstruosidade \_\_\_\_\_

*Teatro improvisado.*

UN PROFESOR :

Exercicio sobre a beleza número 12. Escrito polo alumno Jean-René Beauregard-Nouveau. O texto titúlase « Vivir sen beleza afea a beleza ! ».

*Ábrese a porta do cuarto de Noruega.*

*Aparece Noruega cun gran coitelo de cociña na man.*

NORUEGA :

...

Eu...

Eu...

Eu...

...

Unha catástrofe ! Unha catástrofe !

...

Non sei de onde saíu.

Adormecín unha noitiña, e pola mañán el estaba aí.

...

Unha catástrofe ! Unha catástrofe !

...

Un monstro.

Hai un monstro.

Un monstro

...

Non o vin decontadiño.

Foi máis tarde,

ao saír da miña cama,

ao me mirar no espello.

Ao comezo,

case que era estraño,

como unha palidez,

e despois de súpeto vino

...

Vino

Un monstro.

Un monstro no meu ventre.

Volveu transparente a miña pel,  
A miña pel coma unha tona finiña transparente.  
Ao me mirar, vin o meu interior,  
cos meus órganos e o meu sangue.  
Todo aquilo que bulía,  
circulaba,  
latexaba,  
existía,  
esa máquina que son eu.  
E no medio de todo iso,  
vin.  
acochado coma un feto entre os meus órganos,  
un polbo arrepiante.  
Xa non tiven voz para gritar,  
para berrar,  
para cousa ningunha !

Unha catástrofe ! Unha catástrofe !

Aniñado terriblemente no fondo do meu ventre,  
á beira do meu sexo !  
Eu vino, un polbo, abrir un ollo  
e mirarme.  
Coma nun soño, quixen berrar « Mamá ! ».  
Quixen gritar,  
mais era coma se eu non tivese xa nai.  
nin pai,  
nin nada.  
Coma se, de súpeto, eu entendera  
o soño que estaba a existir coa miña vida

Coidei que soñaba.  
Tapei o meu ventre.  
Sentei no chan  
varios minutos e agardei.  
Dicíame : Non é posible ! Non pode existir ! Non se pode ter o ventre transparente !  
Non se pode ter un polbo no ventre ! E mais, de primeiras, de onde ía saír o tal  
polbo ? Aínda non fixen nunca o amor, non podo estar embarazada nin nada !  
Daquela non é posible ! Un polbo nun ventre transparente só pode ser un soño. Ou  
daquela é que imos morrer ou que xa estamos mortos.  
Dicíame que xusto soñara,  
que non era nada.  
Repetinme iso a toda velocidade,  
cos xeonllos dobrados contra min  
e os brazos chantados nos xeonllos,  
todo para me protexer o ventre.  
Dicíame que nada diso podía existir, que ía erguerme de novo e que todo había ser  
normal, e que de por parte tiña que andar rapidiño porque o reloxo do meu cuarto  
sinalaba que ía chegar tarde,



Sentía a miña nai chamar por min : « Noruega ! Noruega ! ». Pero non respondín.  
Érame imposible tirar son ningún. Primeiro cumpría erguerse.

Despois, erguinme e, lentamente,  
pechei os ollos  
tremelicando.  
Deixei ir os meus brazos  
para desvelar outra vez máis o meu ventre.  
E lentamente,  
como se a lentitude fose borrar o horror,  
abrin os ollos e mireime no espello.  
El aínda estaba alí.  
Unha catástrofe ! Unha catástrofe ! -pensei  
E non dei ceibado un grito,  
e rompín a salaiar  
como se a miña vida tivese rematado.  
E decateime da miña mocidade  
e sentín,  
paréceme,  
o que debe sentir un soldado de vinte anos  
no momento no que o obús estoupa rente del  
e comprende que vai morrer  
cando tiña aínda tanto tempo por diante.  
A perda,  
sentina.  
Abrín os ollos e aínda estaba alí :  
vino,  
no meu ventre transparente,  
o polbo, cos seus oito tentáculos,  
dar voltas dentro de min.  
Sentín no meu ventre os seus movementos,  
e vin de novo o seu ollo abrirse e volverse pechar.

Pensei que era o espello.  
Daquela baixei a cabeza e mireime o ventre,  
e vin a súa transparencia de novo.

Daquela tiven tanto medo que me desmaiei,  
e crin que morría.

Estiven pechada catro días  
porque non atopaba xa razón ningunha para saír nin para vivir.  
Meus pais tentaron rebentar a porta,  
e a cada vez saía de min un berro de morte para detelos.

Daquela cavilei.  
Díxenme que no fondo non era senón unha cousa normalíña de todo.  
Que era a fealdade aniñada no fondo de min.  
Todo o mundo, un día ou outro,

vai espertar coa fealdade no fondo de si,  
a fealdade baixo unha forma diferente,  
un polbo ou unha rata ou unha serpe no seu ventre transparente.  
E despois un habitúase,  
e ponse a vivir con esa monstruosidade dentro de nós.

Díxenme que todos os adultos que eu cruzaba tiñan probablemente ese horror ao baleiro da súa transparencia e que se afacían. Ao que estiven segura desta idea, puíden acougar e decidir por min.

Non quero.  
Non quero.  
Non vou vivir con esa monstruosidade dentro de min toda a vida.  
Non vou aceptar.  
Non me vou resignar

É a nena que hai en min a que tivo medo e houbo de se desmaiar.  
É normal.  
A nenez ten medo da escuridade dende a noite dos tempos.  
Mais xustamente  
eu xa non son unha nena e podo escoller en por min.  
E en por min, non quero vivir na fealdade.

Velaí polo que, unha vez que tomei a miña decisión,  
sentínme en condicións de saír

Moita xente acepta vivir coa fealdade,  
algúns néganse.  
Eu tamén,  
négome.

*(Noruega descobre o seu ventre. Transparenta. Vese o polbo dentro. Co coitelo, fura o ventre. Escorre auga e mais sangue. Finca a man e tira o monstro.)*

Cando a nenez toca a noite dos tempos,  
vólvese ela atopar para sempre na escuridade.  
E eu, quero beleza  
moito tempo, moito tempo, moito tempo, moito tempo, moito tempo, moito tempo...

## \_\_\_\_\_18. Arelantes\_\_\_\_\_

BOON :

Eu estaba sentado no meu laboratorio, no fondo do depósito, co corpo de Murdoch e da descoñecida que atoparon collida nunha aperta nos seus brazos. Quen podería ser ? Unha idea tola atravesoume a mente... Alterado, fixen unha lixeira incisión ao nivel do abdome e mirei. Boteime a tremelicar enteiriño, de arriba a

abaixo ! O ventre fora perforado coa axuda dun coitelo e del fora retirada algunha cousa ! Era inverosímil e mais era así. Tan inquietante como imposible : Noruega ! Noruega ! Murdoch tiña entre os seus brazos o personaxe ficticio que eu inventara. Mantíñase aferrado a ela igual que un se aferra aos soños que nos salvan a vida ! Porqué morreches, entón, porqué morreches. Unha catástrofe ! Unha catástrofe ! – pensei- e este pensamento, sen dúbida, fixo mover a man de Noruega, abriu os ollos e, só nun segundo, volvíñ atopar a súa forma do pasado. Como naquel día luminoso no que ela viñera sentarse á miña beira rente os armariños da escola.

NORUEGA :

Boon, non pensaba que te habías lembrar de min.

BOON :

Fixen todo para esquecerte.

NORUEGA :

Mantívome apertadiña contra el ata o río. Estaba arelante. Falábame sen parar ! Decía : « Noruega, ti e mais eu estamos cheos de arela, ven, imos ver augas a fóra » . Puxo os seus patíns de xeo e botouse a patinar repetindo seguido : « Respira, respira, Noruega ! ». E o xeo fendeu, rachando coa mesma o fío da súa vida. Agarrámonos un ao outro, para sempre o corazón dun no corazón do outro, personaxe real e personaxe ficticio.

BOON :

Eu non daría crido...

NORUEGA :

Engánaste.

BOON :

Murdoch morreu .

NORUEGA :

Murdoch morreu porque non había cousa ningunha na que chegase a crer.

BOON :

Que podo eu facer agora ?

NORUEGA :

Podes facer todo ! Conta. Conta a arela de Murdoch, conta a arela de Noruega, conta a arela de Boon.

BOON :

Non sei.

NORUEGA :

Sabes, si. Pero non te atreves !

BOON :

Xa rematou todo...

NORUEGA :

Non, o esgarro segue a estar na túa meixela, Boon.

BOON :

É tarde de máis.

NORUEGA :

Se pensas que é tarde de máis, daquela é certo que a beleza se afea a poder de fealdade. Volvécheste feo.

BOON :

Noruega !

Foise. Permanecín moito tempo en silencio. Sabía o que me quedaba por facer. Outra vez máis, todo volvía estar claro. O sol rematou por se erguer. Collín o teléfono.

*(No teléfono)*

Ei, Jean-René, son eu, son Boon, teu irmán.

Si, xa sei que é cedo.

Son as seis da mañánn.

Xa sei.

Non, nada grave.

Chámote por chamar.

Realmente non.

Lémbrache o día no que me esgarraches ?

Non, non cho pregunto por preguntar... Ben sei que cando somos novos somos un pouco caralláns, ben, pois... non era cousa grave en por si... non, non... escoita... queríache dicir que xa desapareceu. Si. O esgarro acabou por saír.

Escoita, queríache dicir algo que nunca tivera ganas de che dicir.

Pois agora, por motivos que serían longos de explicar,

tiven ganas de telefonar para cho dicir.

É sinxelo, vas ver, mais ao tempo,

non sei polo que,

levoume trinta anos chegar a dicircho.

Velaí.

Ti e mais eu somos moi diferentes.

E malia esa diferenza,

ti es meu irmán

e eu hei estar sempre aquí para che botar unha man se a precisas.

Comprendín tamén que che tiña moito cariño.

Se morreses tería moita mágoa.

Moita !

Velaí.

É todo.

Desculpa de che ter molestado.  
Dálles un bico da miña parte aos teus rapaces.  
Quérote.

*(Colga)*

Collín de novo o expediente de Murdoch. Amañei o seu corpo como é debido. Con moito coidadiño. Vestino coa súa roupa daquel momento que seus pais gardaran. Limpei o laboratorio e ordenei todo, e logo marquei «Asunto concluído», e púidose devolver o corpo de Murdoch a seus pais. Foi enterrado sinxelamente nun cemiterio non lonxe do bulevar Metropolitano.

MURDOCH :

Non lonxe, de certo, enterrástesme xusto á beira dunha parada do 121, maldita merda ! O autobús, hei botar a eternidade toda a miralo pasar, ospia... Sádicos, sodes uns sádicos, ospia...

BOON :

Estou seguro de que o sentín rosmar. Ás veces voume sentar enriba da súa tumba, e pouso nela unhas flores. Noruega e mais eu, con frecuencia encontrámonos alá e eu fállolle das historias que teño ganas de escribir. Sobre da súa tumba mandei plantar unha árbore. Un carballo de dezasete anos. A primavera pasada, nas ponlas que botara había tantas follas que se dirían milleiros e milleiros de palabras penduradas, agardando o outono para nos caír enriba. Eu sorrín. Murdoch non rematara de falar, seguro.

*Fin.*